



## CONCELLO DE BEGONTE

**DECRETO DA ALCALDÍA.-** Begonte, a 18 de xullo de 2019.

**ASUNTO:** Convocatoria para selección con carácter laboral temporal de 1 Auxiliar administrativo PROGRAMA FOMENTO DO EMPREGO 2019.

Vista a convocatoria realizada para a selección con carácter laboral temporal de 1 **Auxiliar Administrativo duración 6 meses e xornada 100%**, PROGRAMA FOMENTO DO EMPREGO 2019 (Financiado pola Deputación Provincial de Lugo).

Visto, o disposto nas correspondentes bases reguladoras, aprobadas por Resolución desta Alcaldía de data 21 de xuño de 2019,

Pola presente, e en virtude das atribucións que me confire a vixente lexislación de Réxime Local, RESOLVO:

**PRIMEIRO.-** Designar ao Tribunal cualificador do devandito proceso selectivo composto polas seguintes persoas:

**Presidente:** Dna. Sara Martínez Ferreiro, Persoal do Concello de Begonte.

**Suplente:** D. José Manuel López Díaz, Empregado Público do Concello de Friol.

**Vogais:**

D. Manuel Seijas Ferreiro, Empregado Público do Concello de Begonte

**Suplente:** Dna. Elisa Muñoz Álvarez, Persoal do Concello de Baralla.

D. Jesús Morado López, Empregado Público do Concello de Friol.

**Suplente:** D. Julio González Casanova, Persoal do Concello de Friol.

D. Ramon Martinez Gómez, Empregado Público de Xunta de Galicia

**Suplente:** D. Alberto Jaime Lugilde Gude Empregado público de Xunta de Galicia

**Secretaria:** Dna. Natalia Puente Piñeiro, Persoal do Concello de Begonte.

**Suplente:** D. Jose Ángel Balseiro Anido Persoal do Concello de Rábade

**SEGUNDO.-** Convocar ao Tribunal de selección cualificador para o vindeiro martes, día 23 de xullo de 2019 ás 10h45 horas na Casa da Cultura de Begonte, para a súa constitución e proceder a continuación á realización da entrevista.

Convocar asemade, en único chamamento, aos aspirantes remitidos polo Servizo Público de Emprego aos efectos da realización da selección no seguinte horario:

- 11.00 h. na Casa da Cultura de Begonte, entrevista dos aspirantes

\* Os aspirantes deberán ir provistos de D.N.I. ou documento identificativo e de 9h a 10h30 do mesmo día presentar documentación xustificativa dos requisitos e os méritos nas oficinas municipais Praza Irmáns Souto Montenegro nº1.

**TERCEIRO.-** Publicar esta resolución no Taboleiro de Edictos da Casa do Concello, no Taboleiro de anuncios da [sede electrónica do Concello de Begonte](#) e Páxina Web, coa indicación de que contra ela poderá interpoñerse potestativamente recurso de reposición no prazo dun mes ante esta Alcaldía ou directamente recurso contencioso



## CONCELLO DE BEGONTE

– administrativo ante o Xulgado do Contencioso – Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte ao da publicación do edicto.

Acórdao, mándao e asínao o Sr. Alcalde- Presidente, en Begonte a dezaioito de xullo de dous mil dezanove, do que eu Secretaria accidental certifico.

O Alcalde- Presidente,

A Secretaria Accidental,

Asdo. José Ulla Rocha.

Asdo. Natalia Puente Piñeiro.